

**PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE DO SERVIZO DE “SEGUROS DE ACCIDENTES COLECTIVOS” DO CONCELLO DE AMES.**

O señor alcalde informa que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 17 de setembro de 2015 realizou a **CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE DO SERVIZO DE “SEGUROS DE ACCIDENTES COLECTIVOS” DO CONCELLO DE AMES.**

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar o contrato de servizos de “Seguros de Accidentes Colectivos” do Concello de Ames”.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, se propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Adxudicar o servizo de “Seguros de Accidentes Colectivos” do Concello de Ames á empresa **GENERALI ESPAÑA S.A., de Seguros y Reaseguros**, con CIF nº **A-28007268** nas seguintes condicións:

**A.- Características esenciais:**

**Melloras en límite**

| Cobertura de licitación                     | Melloras propostas sobre o límite solicitado |
|---|--|
| Falecemento por accidente laboral           | 45,001.€                                     |
| Inv. Perm. Absoluta por accidente laboral   | 45,001.€                                     |
| Inv. Perm. Total por accidente laboral      | 45,001.€                                     |
| Inv. Perm. Parcial por accidente labora     | 45,001.€                                     |
| Asistencia Médica en centros libre elección | Limitadas ata 2.000.€                        |

|   |                       |
|---|-----------------------|
| Asistencia médica en centro libe elección | Limitadas ata 2.000.€ |
|---|-----------------------|

**Extensión da cobertura a vida privada (só aplicable ao personal laboral e funcionario do Concello, alcalde, concelleiros, empregados dos centros de asistencia e educación infantil)**

| Cobertura de licitación               | Mellora proposta sobre o límite solicitado |
|---------------------------------------|--|
| Extensión da cobertura á vida privada | incluída                                   |

**Mellora no límite de invalidez (só aplicable aos colectivos de niños/as de garderías e voluntarios/as)**

| Cobertura de licitación  | Melloras sobre o límite solicitado |
|--|------------------------------------|
| Invalidez Permanente por accidente laboral/actividades (incluidas parciais en base a baremo) | 9.001.€                            |

**B.- Prezo:** O importe anual da oferta económica do antedito licitador ascende a **6.571,11 €** (IVE exento).

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

**C. Duración do contrato:** O contrato terá unha duración máxima de execución de **DOUS ANOS**, comenzando o día 1 de outubro do 2015, podendo prorrogarse anualmente de maneira expresa ata un máximo de **CATRO ANOS**, (incluído período inicial e prórrogas).

**D.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

**Segundo.-** Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Ames a 24 de setembro de 2015

O alcalde

Jose M. Miñones Conde

